ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE POIO PARA A CARACTERIZACIÓN DOS XACEMENTOS CASTREXOS INCLUÍDOS NO PLAN ESPECIAL DO CONXUNTO HISTÓRICOARTÍSTICO DE BAIONA (PEPCHAB): CASTRO DE SANTA MARTA, MONTE DA PENISA, OU CASTRO DA CARABELA, E CASTRO DE MORADE. ACTUACIÓNS DE PROSPECCIÓN XEOFÍSICA E SONDAXES VALORATIVAS (BAIONA, PONTEVEDRA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Ángel Miramontes Carballada, director xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural pretende formalizar co Concello de Baiona, unha addenda ao convenio de colaboración arriba referido para a modificación do período de vixencia establecido, ampliando a mesma ata o 30 de novembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Baiona realizar unha actuación arqueolóxica no xacementos castrexos incluídos no Plan Especial do Conxunto Histórico-Artístico de Baiona (PEPCHAB): Castro de Santa Marta, o Monte da Penisa, ou Castro da Carabela, e Castro Morade. Actuacións de prospección xeofísica e sondaxes valorativas (Baiona, Pontevedra), campaña 2026, co obxectivo operativo de conservar o patrimonio cultural galego.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que a addenda ao convenio que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Tendo en conta os valores culturais que posúe os xacementos castrexos incluídos no Plan Especial do Conxunto Histórico-Artístico de Baiona (PEPCHAB) . Estes tres castros incluídos no catálogo do patrimonio cultural de Galicia, figuran no Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico Artístico de Baiona do ano 2011 e no catálogo do PXOM do Concello de Baiona do ano 2014, coa categoría de BIC , a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e o Concello de Baiona consideran necesario continuar cos traballos arqueolóxicos no sitio coa finalidade de un coñecemento máis detallado dos abundantes restos que permanecen hoxe en día.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela,

Asinado por: MIRAMONTES CARBALLADA, ANGEL
Cargo: Director Xeral de Patrimonio Cultural
Data e hora: 07/09/2026 14:43:40

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: ODSwhzhrIRr9 https://sede.xunta.gal/cve